



## NOTA DE PRENSA

Valdeorras, 3 de xuño de 2015

Á proposta da dirección do IES Xermán Ancochea de Trives a Xunta Directiva de AEVA, en sesión celebrada o día 25 de maio, acordou colaborar co Centro na organización dunhas Xornadas de divulgación do Ciclo Superior de Electricidade que teñen implantado.

Colabora tamén na iniciativa Iberdrola, unha das empresas fundadoras de AEVA, e cuxo Xefe de Xeración Sil, Miguel Ángel López, forma parte da actual xunta directiva.

Trátase de informar aos alumnos de 4º da ESO e 1º de Bacharelato dos contidos deste ciclo formativo, que no oriente ourensán só se pode cursar no IES de Trives, e das saídas profesionais, xa que a empresa Iberdrola contrata traballadores con esta titulación, e nun horizonte de 10 anos ten previsto incorporar a entre 30 e 40 traballadores deste perfil profesional.

Tamén está previsto destacar a oportunidade para as mulleres que cursen estes estudos, derivada das obrigas legais en materia de política de igualdade, e a posibilidade de por en marcha iniciativas empresariais relacionadas con este campo.

Nas xornadas intervirán o Xefe de Xeración Sil de Iberdrola, Miguel Ángel López e o Director do IES Xermán Ancochea, Francisco García, e se desenvolverán acorde co seguinte programa:

- IES Martaguisela (O Barco): Xoves, día 4 de xuño, en horario de 11:20-12:10
- IES Viana do Bolo: Xoves, día 18 de xuño, en horario de 10:55-11:45